


Vostede atópase aquí ;)

Sesión 8



Estas fases soen/poden darse de forma simultánea ou noutra orde en determinados casos... aquí tratarémolas diferenciadas para poder organizar as reunións do seminario.



P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e investigación

Que queremos saber?

Sesión 8

- Esta fase do proxecto soe darse de forma paralela ó traballo cos “coñecementos previos” (que sabemos?)... posiblemente moitas das preguntas sobre o tema do proxecto xurdan do debate entre diferentes posturas nos coñecementos previos.
- Este é o momento no que teremos que determinar os **obxectivos** de traballo do noso proxecto (en canto ó tema de que trate) e no deberemos ter claro **que queremos que os nosos alumnos/as traballen ó longo do mesmo.**
- Posiblemente aparezan variedade preguntas sobre o tema do proxecto. A nosa función como mestres será “encauzalas” cara os aspectos que queremos traballar con este proxecto. Non se trata de non ter en conta as propostas do alumnos senón que sexamos capaces de introducir tamén as nosas propostas de xeito que as asuman como súas.



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*

Que queremos saber? - técnicas

Sesión 8


- Podemos empregar moitas das técnicas usadas para os coñecementos previos (como xa dixemos van a xurdir as preguntas de forma paralela), entre elas:
 - Diálogos
 - Tormenta de ideas
 - Análise de imaxes (comparación de imaxes)
 - Partir de textos / vídeos relacionados co tema e facer xorder as preguntas.
 - Experiencias reais na aula (un experimento físico/químico pode dar lugar a moitas preguntas)
 - etc?



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*

Vostede atópase aquí ;)

Sesión 8



Estas fases soen/poden darse de forma simultánea ou noutra orde en determinados casos... aquí tratarémolas diferenciadas para poder organizar as reunións do seminario.



P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e investigación

Onde buscamos? Fontes de información

Sesión 8

- O obxectivo desta fase é a de que o alumnado sexa consciente das diferentes fontes de información que se poden empregar.
- O traballo coas diferentes fontes ten como función fomentar o espírito crítico e o contraste de diferentes fontes de información.
- A aportación das fontes de información debe ser activa por parte do alumnado.
- Non limitarnos só ás fontes de información convencionais, ir máis aló: expertos, visitas, os alumnos maiores, familiaas, cancións, grabacións de audio e vídeo feitas polos alumnos, redes sociais...
- Será interesante incluír as difentes fontes no noso recanto da investigación, de xeito que sempre sexa accesible por parte do alumnado.



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*

Onde buscamos? Técnicas para recopilar

Sesión 8

Que técnicas podemos empregar para recopilar información?

- escritura de cartas a expertos
- escritura de e-mails
- escritura de notas
- publicación de demandas de información na web ou redes sociais
- creación de carteis
- creación de buzóns de información
- creación de murais en branco no que o resto do centro (compañeiros/as e resto da comunidade) poida aportar información.
- etc??



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*

Onde buscamos? Tratamento da información.

Sesión 8

Tratamento da información: (O alumnado ten que ser activo no proceso)

- Discriminar a información válida da que non é neste caso (pode facerse a medida que se leve a cabo a investigación de cada pregunta e previamente)
- Organizar e clasificar a información: creación de índices, inventarios, álbumes, ficheiros, códigos para organizar a información...
- Empregar e incluso crear diferentes soportes: mapas, gráficos, liñas do tempo, maquetas.....




P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*

Vostede atópase aquí ;)

Sesión 8

Moitas técnicas comunes



Estas fases soen/poden darse de forma simultánea ou noutra orde en determinados casos... aquí tratarémolas diferenciadas para poder organizar as reunións do seminario.



P.F.P.P. - SEMINARIO
proxectos de traballo e investigación

Como nos organizamos? cooperando

Sesión 8

- A decisión sobre a organización do alumnado dentro do proxecto pode facerse en calquera momento do mesmo, incluso desde antes de comezalo se estamos a traballar con dinámicas cooperativas, ou ben organizándonos para cada unha das diferentes actividades e tarefas.
- Para planificar e organizar o traballo por equipos na aula, será interesante empregar **dinámicas de TRABALLO COOPERATIVO** para levar a cabo das diferentes fases do proxecto:
 - Manter os equipos cando menos na duración do proxecto.
 - Establecer as funcións claras de cada equipo en cada actividade e tarefa
 - Establecer vías de organización interna dentro dos equipos (funcións)
 - Crear rexistros de avaliación e auto-avaliación des equipos.
 - O mestre/a actuará como guía, mediador... aportando estratexias de traballo en grupo, pero deixando que “tenten solucionar os conflitos)

Información sobre traballo cooperativo (Rosa Fiel) [aquí](#).



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*

Como nos organizamos?

Sesión 8

- Plasmación no mural dos diferentes equipos e tarefas asignadas
- Creación de cadernos de seguimento dos equipos.
- Uso de paneis (con belcro) para empregar a avaliación FIGUROANALÓXICA (asociar un resultado a unha imaxe: cara sorrinte, ceo despexado)
- Determinar CLARAMENTE o que se avaliará no traballo dentro do equipo.

- Organizar, acordar e establecer un plan de traballo co alumnado: tempos e lugares previstos para a investigación, decisión sobre que parte da investigación levará a cabo cada equipo, etc...

- Organizar a forma en que cada equipo fai partícipes ó resto dos equipos dos descubrimentos, das funcións de plasmación dos resultados (no mural, no dossier...)

- Podemos tamén organizar tamén, pero sen esquecer que ó relevante é o traballo en grupo, actividades e tarefas en gran grupo e individuais ó longo de todo o proceso



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*

Os proxectos de investigación

Sesión 8

Licenza Creative Commons:
cc-by-sa



P.F.P.P. - SEMINARIO
*proxectos de traballo e
investigación*